



INFORME CLIMATOLÓXICO ANO 2020



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	2
2	DESCRIPCIÓN DO ANO 2020 EN GALICIA POR MES	2
2.1.	Xaneiro	2
2.2.	Febreiro	4
2.3.	Marzo.....	5
2.4.	Abril.....	7
2.5.	Maio	8
2.6.	Xuño.....	10
2.7.	Xullo.....	12
2.8.	Agosto	13
2.9.	Setembro.....	15
2.10.	Outubro	16
2.11.	Novembro	18
2.12.	Decembro.....	19
3	DESCRIPCIÓN DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2020 EN GALICIA ..	22
3.1.	Temperatura.	22
3.2.	Precipitación.....	25
4	BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2020 EN GALICIA	28
4.1.	Temperatura.	37
4.2.	Precipitación.....	39
5	Evolución histórica da temperatura e precipitación.	43
5.1.	Evolución da temperatura media por mes	44
5.2.	Precipitación.....	45
5.3.	Evolución da precipitación por mes e diagrama de Termohietas	46
5.4.	Índice de Precipitación Estandariza (SPI – siglas en inglés).....	48
6	EPISODIOS DESTACABLES EN CADA UN DOS MESES DE 2020	51
6.1.	Xaneiro	51
6.2.	Febreiro	54
6.3.	Marzo.....	60
6.4.	Outubro	65
6.5.	Novembro	71
6.6.	Decembro.....	74



Ano moi cálido para as temperaturas máximas e medias, mentres que para as mínimas foi extremadamente cálido.

En canto á precipitación, o ano foi lixeiramente seco, cunha porcentaxe dun 5% inferior ao normal.

1 INTRODUCCIÓN

Neste documento preséntanse unha descrición climatolóxica do ano 2020. Así, faise un resumo mensual dos aspectos máis destacados e analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período de referencia 1981-2010.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste ano e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1981-2010. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no ano respecto do valor da media climática correspondente. Así, mesmo o índice de precipitación estandarizada (SPI) que se presentará no punto 4.3, emprégase para identificar períodos húmidos e de secas ó longo do tempo.

A serie rexional empregada nos distintos cálculos consta de 11 estacións para a temperatura e 16 estacións para a precipitación distribuídas por toda Galicia.

Para os cálculos relativos aos valores medios do ano e nos períodos climáticos correspondentes, empregáronse en precipitación 16 estacións meteorolóxicas representativas. Mentres que para a temperaturas empregáronse 11 estacións de referencia para calcular os valores medios.

2 DESCRICIÓN DO ANO 2020 EN GALICIA POR MES.

2.1. Xaneiro

No mes de xaneiro o predominio foi de situacións anticiclónicas, interrompidas pola chegada de borrascas activas a mediados e finais de mes.

O día 18 unha borrasca, que se denominou borrasca *Gloria*, comezou a deixar precipitacións nalgunhas localidades galegas. Así, os días 20 e 21, tras unha xornada anticiclónica, esta borrasca situada no Mediterráneo occidental deu lugar a un corredor de isóbaras que deixou ventos fortes de nordés e temperaturas baixas en toda a Comunidade.



Os ventos máis fortes rexistráronse na terceira semana do mes, especialmente o día 16, xornada de forte temporal na que en moitas estacións rexistraron ventos furacanados de máis de 120 km/h.

Mes de xaneiro cálido con chuvias dentro dos valores normais pero distribuídas de xeito heteroxéneo no territorio galego.

A temperatura media estivo por riba dos valores normais, xa que as frías temperaturas de principio de mes, compensáronse cas temperaturas máis elevadas nas que as borrascas achegaron masas de aire morno.

Así, a anomalía media da temperatura para este mes de xaneiro en Galicia foi de +0.6 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como cálido. Isto debeuse tanto ás temperaturas mínimas, cunha anomalía positiva de +0.7 °C; como ás temperaturas máximas, que presentaron unha anomalía tamén positiva de +0.5 °C. Tendo en conta ambas temperaturas o mes tamén foi cálido. Esta anomalía na temperatura media foi similar á rexistrada no 2018.

A precipitación media acumulada en toda Galicia aproximouse á normalidade. Sen embargo, cabe destacar que as precipitacións concentráronse en poucas xornadas, pero con fronteiras moi activas. Sendo así, que ca chuvia acumulada nas xornadas do 16, 27 e 29 xa se acadaron practicamente os valores normais para un mes de xaneiro.

Deste xeito, a anomalía media das precipitacións para este mes de xaneiro en Galicia estivo tan só un 4.3 % por encima do normal. Considerándose o mes normal, tendo en conta a totalidade da Comunidade, situación que se leva observando xa nos xaneiros dos últimos tres anos.

A configuración de anomalías de presión en superficie e a altura xeopotencial de 500 hPa (Figura 1), mostrou esta predominancia anticiclónica cunha forte anomalía positiva que se situaba en Europa central. Esta anomalía é máis evidente en altura. Porén, a anomalía negativa que se apreciou sobre Islandia e que se aprecia nos dous mapas de anomalías de presión revela a ocorrencia das borrascas que deixaron precipitación principalmente, no noroeste da Comunidade.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de xaneiro, con respecto ao período de referencia 1981-2010.

2.2. Febreiro

A alta frecuencia de situacións anticiclónicas foi unha das características do segundo mes do ano 2020. Estas situacións impediron a entrada das baixas presións de orixe atlántica máis frecuente nun mes de febreiro.

A pesar da influencia anticiclónica predominante, o día 9 o ciclón extratropical *Ciara* rozaba Galicia, deixando ventos fortes que superaron os 100 km/h en puntos do extremo norte e un importante temporal marítimo.

Outra borrasca, nomeada *Dennis*, afectou a Galicia entre as xornadas dos días 14 e 17, deixando ventos moi fortes e ondas que superaron por momentos os 7 metros de altura. Nos últimos días deste período rexistrábanse os valores de chuvia máis importantes do mes.

Na derradeira semana do mes estivemos baixo a influencia dunha forte fronte activa asociada á borrasca *Jorge*, que deixou un episodio de ventos fortes e chuvias intensas.

Mes de febreiro seco e extremadamente cálido.

As temperaturas foron máis elevadas do normal nesta época do ano. Contribuíu a esta situación tanto a estabilidade e predominio anticiclónico, como a entrada de aire cálido procedente do sur da península Ibérica e do norte de África, nas primeiras e últimas xornadas do mes.

A anomalía media da temperatura para este mes de febreiro en Galicia foi de +2.71 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como extremadamente cálido. Esta anomalía de temperatura, similar á do ano 1990, foi a máis alta da serie rexional. Isto debeuse

tanto ás temperaturas máximas (anomalía de +2.68 °C), como ás mínimas (anomalía de +2.74 °C), ambas moi cálidas.

En canto as chuvias acumuladas, estiveron moi por debaixo do agardado nun mes de febreiro. Foron moi poucas as xornadas que presentaron chuvias xeneralizadas, destacando a última xornada do mes.

A porcentaxe das precipitacións para este mes de febreiro en Galicia foi dun 50 % inferior ao valor climático normal, o que fixo que febreiro se cualificase como seco, tendo en conta o conxunto da Comunidade, cunha porcentaxe moi similar á xa obtida no febreiro do ano anterior.

A configuración sinóptica do mapa de anomalías de presión (Figura 2), reflicte unha forte anomalía positiva centrada sobre o Mediterráneo, de xeito máis débil en superficie. Foi esta configuración a que bloqueou as borrascas do Atlántico, de forma que tan só unhas poucas afectaron á Comunidade. Pódese apreciar como Galicia estivo por tanto, cunha predominancia claramente anticiclónica.




Figura 2: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de febreiro, con respecto ao período de referencia 1981-2010.

2.3. Marzo

O mes de marzo caracterizouse pola variabilidade e diversidade de situacións sinópticas que afectaron á Comunidade. Aínda que o mes comezou e rematou con dúas semanas con características invernaís, as semanas intermedias mesmo tiveron a entrada de aire cálido africano con presenza de pó Sahariano. Ademais nestas xornadas intermedias o predominio foi anticiclónico contribuíndo a que as temperaturas fosen mornas.



O mes xa comezou coa chegada, na súa primeira xornada, da borrasca *Karine*, que deixou un importante temporal de vento e chuvia que se prolongou ata a madrugada do día 2. O aire frío arrastrado por esta borrasca fixo que as precipitacións na segunda xornada do mes fosen en forma de neve nas zonas de alta montaña.

Unha DANA (Depresión Atmosférica illada en Niveis Altos) afectou a Galicia nas xornadas do 15 e 16 e tamén deixou chuvascos en forma de neve por riba dos 800 m de altura.

O mes de marzo foi húmido e lixeiramente cálido debido ás temperaturas mínimas.

As temperaturas medias mensuais estiveron en xeral preto do normal en marzo, tanto nos valores mínimos como nos máximos. O mes destacou pola súa gran variabilidade, con valores baixos ao principio e ao final e episodios de calor nas semanas intermedias, o que fixo que finalmente a anomalía de temperatura estivese por riba do normal.

Así, a anomalía media da temperatura para este mes de marzo foi de $+0.32\text{ }^{\circ}\text{C}$, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como lixeiramente cálido. Este comportamento é semellante ao de marzo do ano pasado. A isto contribuíron principalmente as temperaturas mínimas deste mes, que resultaron cálidas ($+0.63\text{ }^{\circ}\text{C}$), mentres que as máximas se mantiveron dentro do rango normal ($+0.02\text{ }^{\circ}\text{C}$).

En canto á chuvia acumulada neste mes, atópase unha certa tendencia a superar o valor normal dun mes de marzo. Isto é principalmente debido ás chuvias rexistradas na primeira semana, na que as borrascas foron moi activas e deixaron cantidades significativas de precipitación.

De feito, a porcentaxe de precipitación para a serie rexional galega, para este mes de marzo en Galicia, foi un 40% superior ao normal, podéndose considerar o mes como húmido.

As configuracións sinópticas do mapa de anomalías da presión (Figura 3) en superficie mostra o bloqueo do anticiclón dos Azores situado ao oeste da península Ibérica, impedindo o paso das borrascas procedentes do norte. Esta área anticiclónica perde a súa intensidade en altura, o que explica a gran variabilidade de situacións que afectaron a Galicia durante este mes de marzo. De feito, sobre a Comunidade pódese apreciar que as anomalías de presión tanto en superficie como en altura foron normais para a época do ano.




Figura 3: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de marzo, con respecto ao período de referencia 1981-2010.

2.4. Abril

O mes de abril presentou un tempo moi cambiante propio da primavera, aínda que a inestabilidade atmosférica foi predominante neste caso, con chuvias por riba do normal. Isto ocasionou que apenas se tivesen noites despexadas e con ventos en calma que deixarían temperaturas mínimas baixas. E a variabilidade atmosférica propia desta época de ano, fixo que tivésemos alternancia de días fríos e cálidos.

O mes de abril foi húmido, con temperaturas mínimas extremadamente cálidas e máximas normais.

As temperaturas máximas, estiveron preto da normalidade debido á alternancia entre días fríos e cálidos. Os ceos toldados impediron que as temperaturas mínimas fosen baixas. Ao contrario, foron moito máis elevadas do valor normal para un mes de abril.

Así, a anomalía media da temperatura para este mes de abril en Galicia, foi de $+1.39^{\circ}\text{C}$, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi cálido. A maior contribución débese ás mínimas, que resultaron extremadamente cálidas ($+2.31^{\circ}\text{C}$). En canto ás temperaturas máximas, resultaron lixeiramente cálidas ($+0.48^{\circ}\text{C}$).

A chuvia acumulada neste mes de abril estivo por riba do agardado no período de referencia 1981-2010. Á inestabilidade atmosférica sumáronse varios días de tormentas, que deixaron chuvias localmente fortes en puntos do interior, principalmente de Pontevedra e o sur da provincia de Lugo. Ademais as características fronte activas do Atlántico este mes, foron máis

frecuentes do habitual, polo que a chuvias acumuladas tamén estiveron por riba do normal en todo o suroeste da Comunidade.

Así, a porcentaxe das precipitacións para este mes de abril estivo un 8 % por riba do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como húmido, tendo en conta o conxunto da Comunidade, sen embargo en moita menor medida que o mes de abril do ano 2019.

No mapa de anomalías de presión (Figura 4) en superficie pode verse á Comunidade baixo a influencia das baixas presións ao oeste, sobre o Atlántico. Porén, no mapa de anomalías de presión a altura xeopotencial de 500 hPa, hai unha forte anomalía positiva situada sobre Europa Central e afectando ao nordés da Península Ibérica, quedando Galicia nunha situación intermedia entre as baixas e as altas presións. Isto explica o paso de borrascas con moitos días de chuvia e o predominio da inestabilidade atmosférica. Así como, a alternancia con situacións anticiclónicas propias da época do ano.




Figura 4: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de abril, con respecto ao período de referencia 1981-2010.

2.5. Maio

Este mes houbo dúas situacións moi ben diferenciadas. A primeira quincena caracterizouse por tempo moi irregular, cambiante, con algunhas fronte importantes e situacións tormentosas. Porén, na segunda quincena o predominio foi anticiclónico, con tempo seco e temperaturas elevadas, principalmente na última semana do mes. Isto tivo unha forte contribución ás anomalías positivas de temperatura.



A precipitacións rexistradas nas primeiras xornadas do mes foron escasas, se ben destacou un río atmosférico que se achegou á Comunidade e que provocou que na primeira xornada do mes se acumulasen cantidades de chuvia importantes. Esta situación foi efémera xa que ao día seguinte xa tivemos a entrada de aire cálido africano e forte subida nas temperaturas que continuou durante os días que lle seguiron.

Outra situación destacable foi a que se deu o día 4, no que se rexistrou unha liña de turbonada en zonas do interior, o que provocou importantes tormentas. Estas tormentas levaron asociadas intensas precipitacións moi localizadas.

O predominio foi principalmente anticiclónico e nas xornadas de chuvia xeneralizada, as precipitacións foron febles e escasas.

Mes de maio moi seco e extremadamente cálido.

Na primeira quincena do mes as temperaturas foron en xeral suaves aínda que houbo momentos puntuais de frío, pero na segunda quincena as temperaturas máximas e mínimas foron moi elevadas para a época do ano, o que fixo que anomalía de temperatura fose moi elevada en ambos casos.

Así, a anomalía media da temperatura para este mes de maio en Galicia, foi de +3.32 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como extremadamente cálido. A esta caracterización contribuíron tanto as temperaturas máximas (+4.15°C), como as mínimas (+2.49°C), resultando ambas extremadamente cálidas tamén. Así este foi o maio máis cálido da serie histórica, que comeza no ano 1961.

As situacións con chuvias xeneralizadas foron escasas, tanto que as precipitacións máis importantes do mes tiveron orixe convectiva e foron moi locais. Isto fixo que este mes de maio fose seco no conxunto de Galicia. Sen embargo, nas localidades máis afectadas polas treboadas a chuvia acadou valores normais ou incluso superiores aos esperados nesta época do ano. Pero non foron quen de compensar as escasas porcentaxes de precipitación rexistradas noutras zonas do territorio galego.

Polo tanto, a porcentaxe de precipitación para este mes de maio en Galicia foi dun 49% inferior ao valor climático agardado. Isto fai que o mes se cualifique como moi seco, cunha porcentaxe moi similar á do ano 2018.

A configuración sinóptica das anomalías de presión (Figura 5) mostra tanto en superficie como en altura a influencia dun anticiclón centrado en Reino Unido. Esta anomalía positiva en altura explica o predominio do tempo estable, con elevadas temperaturas e escasas precipitacións que caracterizou o mes de maio.




Figura 5: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de maio, con respecto ao período de referencia 1981-2010.

2.6. Xuño

O verán comezou cun mes de xuño que oscilou entre dous períodos cálidos e tormentosos ao principio e ao final do mes, mentres que as semanas intermedias estiveron baixo o predominio das baixas presións atlánticas que achegaron a Galicia aire máis frío do normal para esta época do ano.

Así, o mes de xuño comezou con xornadas caracterizadas polas elevadas temperaturas e treboadas. A segunda semana, máis clara no sur e máis nubrada no norte, presentou chuvias febles e temperaturas pouco elevadas, a pesar do predominio anticiclónico. O tempo foi empeorando nas xornadas sucesivas, tanto foi así que na xornada do 12 houbo aviso amarelo por ventos fortes no litoral. Nas sucesivas xornadas houbo situacións intermedias entre as fronteiras que chegaban a Galicia deixando chuvias febles e temperaturas suaves e situacións con predominio anticiclónico e ascenso rápido das temperaturas, que por exemplo, na xornada do día 23, mesmo acadaron so 35 °C en puntos do interior.

O mes de xuño foi moderadamente frío, debido principalmente as temperaturas máximas, e con precipitacións normais.



As altas temperaturas acadadas no mes apenas compensaron ás anomalías negativas que provocaron as temperaturas máis frías, isto deu lugar a temperaturas máximas e mínimas moi próximas ás normais nesta época do ano.

Así, a anomalía media da temperatura para este mes de xuño en Galicia, foi de $-0.51\text{ }^{\circ}\text{C}$, o que fai que o mes se cualifique no conxunto de Galicia como moderadamente frío. Se ben as mínimas estiveron dentro da normalidade, as máximas foron frías ($-1.11\text{ }^{\circ}\text{C}$).

A precipitación acumulada, debido ás chegadas de distintas fronteas ao longo do mes, foi normal no oeste da Comunidade, mentres que no interior, as chuvias rexistradas tiveron orixe tormentosa, provocando unha distribución da chuvia en zonas moi heteroxéneas que localmente foron máis secas e máis húmidas do normal.

A porcentaxe de precipitacións para este mes de xuño en Galicia, foi un 17% inferior ao agardado, polo que o mes foi normal para esta variable. O ano máis próximo con precipitacións similares foi 2017.

A configuración sinóptica das anomalías de presión en superficie e en altura (Figura 6), estivo baixo o predominio das baixas presións que impediron o achegamento do anticiclóns dos Azores. Como consecuencia disto, obsérvase unha forte anomalía negativa centrada no sur das Illas Británicas, que reflicte as borrascas que afectaron con máis frecuencia do habitual ao centro europeo e que en Galicia achegaron fronteas pouco activas, pero que fixeron que as temperaturas acadadas non fosen moi elevadas neste mes de xuño.




Figura 6: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de xuño, con respecto ao período de referencia 1981-2010.



2.7. Xullo

O mes de xullo con predominio anticiclónico e a presenza de aire cálido procedente do sur da península Ibérica e do norte de África, deu lugar a un mes moi cálido tanto máis ao sur. Sen embargo, a presenza de moitos días con vento de nordés, provocou que no norte da Comunidade as temperaturas estivesen máis próximas ás propias dun mes de xullo. Esta situación tamén provocou que apenas chegasen as fronte atlánticas, configurando un mes moi seco.

Unha configuración destacable foi a que se deu entre as xornadas entre o 6 e o 10 de xullo, co anticiclón ao noroeste e unha baixa térmica no centro da península Ibérica, e ventos do nordés especialmente fortes pola tarde. Esta provocou un importante contraste térmico entre o norte e o sur de Galicia, no que se deron avisos por temperaturas extremas no sur da Comunidade. Ademais viu acompañada de tormentas que deixaron chuvias fortes moi locais. Tamén entre os días 16 e 19 as temperaturas superaron de xeito xeneralizado no sur de Galicia os 35 °C. As altas temperaturas tamén foron as protagonistas nas derradeiras xornadas do mes cando se acadaban localmente os 40 °C nalgúns locais.

O mes de xullo foi extremadamente cálido e extremadamente seco.

Tendo en conta a descricións das situacións que afectaron a Galicia, os valores de temperatura estiveron en xeral por riba do agardado neste mes, particularmente na metade sur, no que foron numerosas as xornadas con avisos por temperaturas extremas e valores por riba dos 35°C.

A anomalía media da temperatura para este mes de xullo en Galicia, foi de +2.03 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como extremadamente cálido. Sendo o segundo mes de xullo máis cálido da serie histórica, tan só superado polo do ano 2013.

A esta cualificación contribuíron tanto as temperaturas máximas (+3.03 °C) como as mínimas (+1.03 °C), resultando ambas moi cálidas.

A chuvia acumulada neste mes, destacou por ser moi escasa, tanto é así, que en moitas localidades non se rexistrou ningunha precipitación. Explícase porque barreira anticiclónica impediu a influencia das fronte Atlánticas e as poucas que o conseguiron non deixaron apenas precipitacións. Así, a escasa precipitación rexistrada debeuse ás treboadas, pero estas tamén foron pouco frecuentes, debido a forte estabilidade en altura.

A porcentaxe de precipitación para este mes de xullo en Galicia, foi un 93 % inferior ao normal. Isto fai que o mes se considere extremadamente seco, tendo en conta o conxunto da Comunidade. Tanto é así, que resultou o xullo máis seco dende o ano 1986, cun valor próximo ao rexistrado en 2016.

Estas condicións na temperatura e na precipitación reflectíronse nos rexistros históricos acadados tanto en temperatura como en precipitación nas principais cidades galegas.

As configuracións sinópticas das anomalías de presión (Figura 7) en altura xeopotencial de 500 hPa presentou unha forte anomalía positiva que se revelou máis débil en superficie, ao noroeste da Comunidade, responsable da frecuencia máis alta de situacións anticiclónicas durante este mes de xullo. Este predominio explica a ausencia de chuvias e a entrada de aire cálido de orixe africana que afectou principalmente ao sur de Galicia.




Figura 7: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de xullo, con respecto ao período de referencia 1981-2010.

2.8. Agosto

O verán rematou cun mes de agosto que quedou marcado por unha primeira semana anticiclónica, pero ca chegada de fronteas activas e borrascas desde o Atlántico norte a partir da xornada do día 10. Isto deu lugar a que as temperaturas elevadas da primeira quincena e temperaturas moito máis baixas no resto do mes.

Tal e como se indicou, as xornadas máis calorosas déronse nas primeiras semanas do mes, así o día que rexistrou en moitas estacións do interior, temperaturas por riba 40 °C, foi a xornada do 6. No día 11, houbo fenómenos tormentosos significativos. Mentres que na xornada do 12, con chuvias xeneralizadas e intensas en moitos puntos, superáronse os valores climáticos propios do mes de agosto para á precipitación.



O mes de agosto foi moi húmido e normal en canto ás temperaturas.

Os valores medios de temperatura para o mes de agosto non se afastaron moito do normal, aínda que a variabilidade si que foi moi alta. De modo que as elevadas temperaturas extremas das primeiras xornadas do mes, compensáronse coas baixas temperaturas, que se deron principalmente na segunda quincena do mes.

Así, a anomalía media da temperatura para este mes de agosto en Galicia, foi de +0.13 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal. Este valor de anomalía é moi similar ao acadado no ano anterior, que foi lixeiramente superior. Nesta ocasión as temperaturas máximas presentaron unha anomalía de -0.18° C, resultando normais, e as mínimas sen embargo, foron lixeiramente cálidas cunha anomalía de +0.44° C.

O mes de agosto foi moito máis húmido do habitual nesta época do ano, onde a chuvia acumulada, en cada unha das xornadas do 12 ou do 19, xa superou os valores normais de precipitación para un mes de agosto, de xeito con algún de día de chuvia máis feble, orixinou que o mes fose moi húmido en gran parte da Comunidade.

A porcentaxe de precipitación para este mes de agosto en Galicia, foi un 94 % superior ao normal, cualificándose como moi húmido, tendo en conta o conxunto da Comunidade e sendo o sexto mes máis húmido da serie climática nesta época do ano. O precedente máis húmido atopámolo no ano 2004.

A configuración sinóptica dos mapas de anomalía en presión atmosférica (Figura 8) mostran tanto en superficie como en altura unha anomalía negativa intensa situada ao oeste de Irlanda. En superficie Galicia está baixo a influencia desta frecuencia máis habitual de inestabilidade atmosférica, mentres que en altura, queda no límite de acción destas baixas presións. Isto provocou que no mes se alternasen xornadas estables con outras de borrascas profundas que deixaron moita chuvia na Comunidade.




Figura 8: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de agosto, con respecto ao período de referencia 1981-2010.

2.9. Setembro

O mes de setembro quedou caracterizado por unha primeira quincena con predominancia anticiclónica e temperaturas que mesmo superaron os 30 °C en moitas localidades e, unha segunda quincena, que coincidindo co inicio do outono astronómico estivo marcada pola entrada de fronteas moi activas que afectaron a Galicia, polo tanto cunha característica inestabilidade atmosférica.

O mes de setembro foi cálido e con precipitacións no rango de valores normais.

As baixas temperaturas da segunda metade do mes, non foron quen de compensar ás elevadas da primeira metade, contribuíndo a que en media, o mes se puidese cualificar como cálido.

Así, a cualificación para a temperatura media neste mes de setembro en Galicia, foi por tanto, cálida, cunha anomalía de +0.88 °C, lixeiramente superior á do ano anterior. Isto debeuse principalmente as medias das temperaturas máximas que presentaron unha anomalía de +1.34 °C (moi cálido), mentres que as mínimas tiveron unha anomalía moito menor +0.42 °C (normal).

As chuvias acumuladas durante o mes non conseguiron nalgúns casos chegar á media climática, xa que houbo escasas xornadas de chuvia xeneralizada. Pero a partir da xornada do día 17, houbo rexistros importantes de precipitación en zonas moi diferentes do territorio galego, de forma que no conxunto da Comunidade, de forma espacial compensáronse as chuvias dunhas rexións con outras, podendo falar dun mes normal en canto á precipitación.

Así, a porcentaxe de precipitación para este mes de setembro en Galicia, foi un 27 % inferior ao valor climático normal. Cualificándose o mes como normal, precedido tamén por un ano 2019 no que setembro presentou unha anomalía moi similar á acadada este ano.

As configuracións sinópticas dos mapas de anomalía de presión atmosférica (Figura 9) mostran unha forte anomalía positiva ao oeste de Europa que afecta lixeiramente á Comunidade en altura. A anomalía non é moi acusada, debido principalmente, á compensación da predominancia anticiclónica da primeira semana do mes, coas profundas borrascas que afectaron a Galicia na segunda quincena.




Figura 9: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de setembro, con respecto ao período de referencia 1981-2010.

2.10. Outubro

As borrascas intermitentes moi activas que afectaron á Comunidades foron a característica principal desde mes de outubro. A predominancia das baixas presións orixinou que as temperaturas mínimas non fosen especialmente frías pero que as máximas tampouco acadasen valores moi elevados. Esta frecuencia de situacións de inestabilidade atmosférica contribuíu a que a precipitación para esta época do ano acadase rexistros propios da mesma.

Na segunda xornada deste mes, Galicia viuse afectada pola borrasca [Alex](#) que deixaba unha xornada de ventos fortes, chuva xeneralizada, e aire frío durante a tarde, ocasionando a primeira nevada en cotas altas, do outono desde ano 2020.



Durante as xornadas do 19 e do 20 a unha cicloxénese explosiva que deixou outro episodio de ventos fortes e chuvias xeneralizadas. No día 20 houbo outra borrasca que AEMET nomeou [Bárbara](#) pero que non afectou a Galicia.

O día 26 houbo outra gran borrasca significativa que afectou a Galicia e se localizaba ao sur de Islandia. Esta borrasca formouse do encontro dos restos do furacán [Épsilon](#) e unha borrasca fría de orixe polar. Nesta xornada houbo avisos amarelos por chuvia e vento, pero o peor chegaría na xornada do 28 cando un temporal marítimo, deixaba ondas que chegaron a acadar os 8 metros de altura, e que no litoral da Coruña deixaban un aviso vermello.

O mes de outubro foi frío e normal en canto á precipitación.

Aínda que as temperaturas mínimas non estiveron moi lonxe das propias nun mes de outubro, as entradas de aire frío, e os poucos días de ascenso térmico, fixeron que as máximas tivesen valores máis baixos dos normais.

Isto fixo que a anomalía media da temperatura para este mes de outubro en Galicia, fose de -0.69 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como frío. Isto debeuse principalmente as medias das temperaturas máximas, que foron frías, presentando unha anomalía negativa de -1.32 °C, mentres que as mínimas foron normais, cunha anomalía de tan só -0.1 °C. O precedente máis frío a este ano, atopámolo en 2008.

En canto á chuvia acumulada, o mes de outubro acadou en xeral os valores normais, gracias principalmente, aos episodios nos que Galicia se atopaba baixo a influencia das borrascas significativas, mencionadas anteriormente, que deixaron chuvias xeneralizadas de certa intensidade.

A porcentaxe de precipitación para este mes de outubro en Galicia, foi tan só un 5 % superior ao valor climático normal. De xeito que o mes pode considerarse normal, tendo en conta o conxunto da Comunidade, precedido por un ano 2019 no que outubro foi húmido.

As configuracións sinópticas do mapa de anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa (Figura 10), mostra unha forte anomalía negativa centrada nas illas Británicas, de xeito que as baixas presións afastan á Comunidade da influencia do Anticiclón dos Azores. Galicia queda nunha situación intermedia entre as altas e as baixas presións.




Figura 10: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de outubro, con respecto ao período de referencia 1981-2010.

2.11. Novembro

A estación de outono rematou cun novembro, con predominio anticiclónico, que tivo unha primeira metade marcada polos ventos de suroeste e pola humidade e as chuvias nas comarcas máis atlánticas. As altas presións tamén foron as protagonistas na segunda metade do mes, principalmente na terceira semana, de forma, que salvo nalgúns puntos concretos do suroeste de Galicia, as chuvias estiveron por debaixo do normal para novembro. Ademais, as temperaturas foron elevadas para a época do ano, axudadas tanto polo predominio de ventos do suroeste como o das situacións anticiclónicas.

Os restos da tormenta tropical *Theta* foron os responsables do incremento de temperaturas nas xornadas do 16 ao 18, onde se superaron os 20 °C en moitos lugares da Comunidade.

O mes de novembro foi un mes moi cálido e seco.

As borrascas que afectaron a Galicia e os restos da tormenta tropical *Theta* impulsaron ventos de compoñente sur, propiciando que tanto as temperaturas máximas como as mínimas acadasen valores máis altos que os habituais nun mes de novembro, xerando unhas anomalías positivas que non foron que de compensar as escasas entradas de aire frío desde o norte que sufriu a Comunidade.

Así, a anomalía media da temperatura para este mes de novembro en Galicia, foi de +1.56 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi cálido. Isto debeuse tanto as medias das temperaturas máximas, moi cálidas (+1.75 °C), como ás mínimas, cálidas (+1.36

°C). O precedente máis cálido nos tres casos está no ano 2015, mentres que en 2020, novembro ocupou o sexto lugar máis cálido da serie.

As cantidades de chuvia acumulada tamén foron baixas debido a escaseza de xornadas de chuvias xeneralizadas. Así, soamente algunhas das zonas máis atlánticas e afectadas polas situacións de suroeste conseguiron acadar os valores climáticos normais de precipitación.

A porcentaxe da precipitación para este mes de novembro en Galicia, foi un 39 % inferior ao valor climático normal, cualificándose o mes como seco. O precedente máis seco a este ano está en 2017 cunha porcentaxe lixeiramente máis baixa.

As configuracións sinópticas dos mapas de anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa (Figura 11), mostran sobre a Comunidade anomalías de presión positivas. Isto reflicte a predominancia anticiclónica no mes. En superficie apréciase con máis claridade como Galicia quedou tanto baixo a influencia do anticiclón dos Azores como do anticiclón centroeuropeo.




Figura 11: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de novembro, con respecto ao período de referencia 1981-2010.

2.12. Decembro

O ano 2020 rematou cun mes de decembro no que o predominio das baixas presións con vento de suroeste de xeito moi consecutivo foi característico nas primeiras semanas e o cambio de fluxos do norte e borrascas frías na última semana do mes. A anomalía positiva das primeiras semanas na temperatura compenseuse ca anomalía negativa das frías temperaturas rexistradas na



derradeira semana do mes. Pero se algo foi característico neste mes, foi a excesiva cantidade de chuvia acumulada.

Na terceira xornada do mes, chegaron a Galicia os efectos da borrasca [Dora](#), que durante tres días consecutivos deixou fortes refachos de vento, unha importante baixada da temperatura e neve en cotas puntualmente por debaixo dos 500 metros. Esta borrasca tamén xerou un temporal no mar, e houbo un aviso vermello por ondas superiores aos 8 metros de altura.

O día 7 de decembro, outra borrasca, moi profunda e activa, nomeada [Ernest](#) afectou a Galicia. Localizada no Cantábrico deixou fortes refachos de vento e chuvascos que se prolongaron durante o día seguinte.

Outro forte temporal, sucedeu na xornadas do 27 ao 29, xa que Galicia quedaba baixo a influencia da borrasca nomeada [Bella](#), con chuvias persistentes e un novo aviso vermello no mar. A fronte asociada a esta borrasca transportou aire frío, o que deu lugar a un acusado descenso das temperaturas na xornada do 28 e neve por debaixo dos 1000 metros, na derradeira xornada de este episodio.

O mes de decembro foi un mes moi húmido con temperaturas normais.

Tal e como se introduciu anteriormente, as temperaturas quedaron en xeral preto dos valores normais nun mes de decembro. As elevadas temperaturas das primeiras semanas, foron compensadas coas baixas temperaturas que se rexistraron nas derradeiras xornadas do mes. A causa, a influencia de masas de aire frío que afectaron a Galicia neste período.

Así, a anomalía media da temperatura para este mes de decembro en Galicia, foi de $-0.12\text{ }^{\circ}\text{C}$, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal. Isto debeuse á compensación das temperaturas máximas que foron frías ($-0.70\text{ }^{\circ}\text{C}$), coas mínimas que foron cálidas ($+0.47\text{ }^{\circ}\text{C}$). O precedente máis frío foi 2017.

A precipitación acumulada neste mes de decembro estivo en xeral moi por encima dos valores normais. Isto ocorreu especialmente no oeste da Comunidade, onde a chegada de borrascas moi activas e consecutivas na primeira semana do mes deixaba valores que superaron o dobre da precipitación normal nesta época do ano.

A porcentaxe de precipitación acumulada para este mes de decembro en Galicia, foi un 67 % superior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse moi húmido. Xa no ano 2019 se acadou unha porcentaxe moi similar, podendo considerar que estes dous últimos anos foron os quintos máis húmidos da serie histórica.



Na configuración dos mapas de anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa (Figura 12), apréciase unha forte anomalía negativa centrada nas illas Británicas con ventos predominantes de compoñente NO, que explican a predominancia das borrascas frías do norte. Neste caso, obsérvase un acusado meandro indicando, unha circulación meridional da corrente en chorro.




Figura 12: Anomalías de presión en superficie e en altura xeopotencial de 500 hPa no mes de novembro, con respecto ao período de referencia 1981-2010.



3 DESCRICIÓN DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2020 EN GALICIA

3.1. Temperatura.

Neste documento vanse tomar os criterios da Táboa 1 para asignar unha categoría aos distintos meses segundo a temperatura. Emprégase para isto os percentiles obtidos da serie rexional no período 1981-2010. Este mesmo criterio é o que ven sendo considerado nos distintos informes climatolóxicos mensuais ao longo do ano 2020.

Temperatura	
Categoría	Percentil
extremadamente frío	≤mínimo (1981-2010)
moi frío	Entre mínimo (81-10) e 20%
frío	Entre 20% e 40%
normal	Entre 40% e 60%
cálido	Entre 60% e 80%
moi cálido	Entre 80% e máximo (81-10)
extremadamente cálido	≥máximo (1981-2010)

Táboa 1: Descrición das temperaturas en función dos percentiles da serie 1981-2010.

En canto á temperatura, **xaneiro** do ano 2020 resultou **cálido** debido á compensación das baixas temperaturas das primeiras xornadas asociadas á situacións anticiclónicas, coas altas temperaturas que se deron no resto do mes, debido a entrada de aire morno que achegaron as distintas borrascas que afectaron a Galicia. As temperaturas máximas e as mínimas foron tamén cálidas.

O mes de **febreiro** resultou **extremadamente cálido** cunha anomalía moi similar á acadada no ano 1990. Isto debeuse ao predominio de situacións anticiclónicas que bloquearon a influencia das borrascas do norte. Ademais, tanto no inicio como no final do mes, a entrada de aire cálido procedente do sur da península Ibérica e do norte de África, contribuíron decisivamente a esta cualificación. Así, tanto as temperaturas mínimas como as máximas resultaron moi cálidas.

As temperaturas medias mensuais estiveron en **marzo** preto dos **valores normais**, nun mes que destacou pola súa variabilidade nas situacións que afectaron a Galicia. Deste xeito houbo temperaturas baixas a principio e final do mes e temperaturas elevadas nas semanas intermedias.



Isto contribuíu a que as temperaturas mínimas resultasen cálidas, mentres que as máximas se mantiveron en valores normais.

No mes de **abril** a frecuente inestabilidade atmosférica deu lugar a que apenas se tivesen noites despexadas e con ventos en calma. Isto xerou que as temperaturas mínimas fosen moito máis elevadas do normal, resultando extremadamente cálidas, mentres que as temperaturas máximas foron lixeiramente cálidas. Isto deu lugar a un mes con **temperaturas medias moi cálidas**.

Maio presentouse cunha primeira quincena de tempo moi irregular e cambiante, mentres que na segunda quincena predominou o tempo anticiclónico con temperaturas elevadas para a época do ano. Así, o mes resultou **extremadamente cálido** en temperatura media, pero tamén tivo esta cualificación para as máximas e as mínimas.

O mes de **xuño** foi **frío** debido a que as altas temperaturas non puideron compensar as baixas temperaturas que trouxeron as fronteiras que afectaron a Galicia. Estas fronteiras aínda que pouco activas, non permitiron que se elevasen as temperaturas. As temperaturas máximas foron frías e as mínimas acadaron valores normais.

Xullo nada tivo que ver con xuño en canto ás **temperaturas**, xa que en media foron **extremadamente cálidas**, sobre todo canto máis ao sur da Comunidade, na que houbo moitas xornadas con avisos por temperaturas extremas. Tanto as temperaturas mínimas como as máximas foron moi cálidas, cunha anomalía máis destacable nas máximas.

En **Agosto** as **temperaturas foron normais**, pero destacou por ser un mes con moita variabilidade atmosférica, de modo que as temperaturas extremas das primeiras xornadas do mes compensáronse cas baixas temperaturas rexistradas principalmente, na segunda quincena. As temperaturas mínimas resultaron cálidas, pero as máximas foron normais.

O mes de **setembro** foi **cálido** tendo en conta as temperaturas medias, principalmente debido as temperaturas extremas da primeira quincena do mes, aínda que a partir da segunda quincena, Galicia estivo baixo a influencia de borrascas e fronteiras moi activas. As baixas temperaturas deste período non puideron compensar as do anterior. A contribución principal a esta cualificación debeuse ás temperaturas máximas, que foron moi cálidas. As mínimas sen embargo, acadaron valores normais.

O paso intermitente de borrascas moi activas fixo que o mes de **outubro**, en canto á temperatura media, fose **frío**. A isto contribuíron especialmente as temperaturas máximas que foron frías, mentres que as mínimas foron normais.



En canto a **novembro**, as borrascas que deixaron ventos predominantes do SO e os restos da tormenta tropical *Theta* que impulsou ventos do sur, apenas permitiron a entrada de aire frío do norte. Deste modo o mes resultou **moi cálido**, debido principalmente ás temperaturas máximas que resultaron moi cálidas, pero no que as temperaturas mínimas tamén resultaron cálidas para esta época do ano.

O mes de **decembro** presentou un predominio de baixas presións con vento de SO nas súas primeiras semanas. Na última semana houbo cambios de fluxos do norte e borrascas moi frías. Deste xeito, as anomalías de temperatura compensáronse resultando un mes **normal** para a temperatura media. Isto debeuse a que as temperaturas máximas foron frías, pero as mínimas foron cálidas para este período.

Na Táboa 2 preséntanse a categoría asignada a cada mes tendo en conta a temperatura mínima, media e máxima e de acordo aos criterios da Táboa 1.

Resumo mensual das anomalías de temperatura no ano 2020			
Mes	Temperatura mínima	Temperatura media	Temperatura máxima
xaneiro	cálido	cálido	cálido
febreiro	moi cálido	extremadamente cálido	moi cálido
marzo	cálido	cálido	normal
abril	extremadamente cálido	moi cálido	cálido
maio	extremadamente cálido	extremadamente cálido	extremadamente cálido
xuño	normal	frío	frío
xullo	moi cálido	extremadamente cálido	moi cálido
agosto	cálido	normal	normal
setembro	normal	cálido	moi cálido
outubro	normal	frío	frío
novembro	cálido	moi cálido	moi cálido
decembro	cálido	normal	frío

Táboa 2: Descrición das temperaturas con respecto ao período de referencia 1981-2010.



3.2. Precipitación.

No caso da precipitación e ao igual que na temperatura, empregaranse os percentiles obtidos da serie rexional no período 1981-2010. Os intervalos das distintas categorías móstranse na táboa 3. Este mesmo criterio é o que ven sendo considerado nos distintos informes climatolóxicos mensuais o longo do ano 2020.

Precipitación	
Categoría	Percentil
extremadamente seco	≥mínimo (1981-2010)
moi seco	Entre mínimo (81-10) e 20%
seco	Entre 20% e 40%
normal	Entre 40% e 60%
húmido	Entre 60% e 80%
moi húmido	Entre 80% e máximo (81-10)
extremadamente húmido	≥máximo (1981-2010)

Táboa 3: Descrición da precipitación acumulada en función dos percentiles con respecto ao período de referencia 1981-2010.

O ano 2020 comezou cun mes de **xaneiro** considerado **normal** pero cunha distribución espacial da precipitación moi heteroxénea. Ademais, as precipitacións concentráronse en moi poucas xornadas, aínda que con fronte moi activas.

Febreiro resultou **seco**, con chuvias por debaixo do agardado debido a escaseza de xornadas con chuvias xeneralizadas. A xornada con chuvias máis intensas foi xustamente a última, na que pasou unha fronte moi activa asociada a unha borrasca nomeada *Jorge*.

En **Marzo** a chuvia acumulada superou os valores normais, resultando un mes **húmido**. A cantidade de chuvia máis significativa acadouse na primeira semana con borrascas moi activas que deixaron importantes cantidades de precipitación.

Abril foi un mes **húmido**, no que predominou a inestabilidade atmosférica e á que se sumaron varios días de tormenta con chuvias localmente intensas. Ademais a frecuencia máis alta do normal das fronte activas do Atlántico, deixaron valores importantes de precipitación que se fixeron notar no suroeste da Comunidade.

O mes de **maio** foi **moi seco**, no que a chuvia foi significativa só nalgúns puntos do interior, onde se acadaron os valores normais ou incluso superiores de precipitación. Estas chuvias estiveron



asociadas a importantes tormentas que se sucederon na Comunidade, pero debido a escaseza de situacións con chuvias xeneralizas. As chuvias rexistradas localmente asociadas as tormentas non chegaron para compensar a escaseza de precipitación no resto de Galicia.

O mes de **xuño** rexistrou **valores normais** de precipitación acumulada nas xornadas de tormenta do mes, e que as xornadas intermedias estiveron baixo o predominio das baixas presións atlánticas que afectaron a Galicia. Estas fronteas afectaron principalmente ao oeste da Comunidade, mentres que os rexistros de precipitación de orixe tormentosa afectaron principalmente ás comarcas do interior.

O mes de **xullo** foi **extremadamente seco**. De feito, en moitas localidades galegas non se rexistrou ningunha precipitación, nun mes de marcado predominio anticiclónico no que tivemos a entrada de masas de aire de orixe africana.

En **Agosto** a partir do día 10, chegaron a Galicia numerosas fronteas activas e borrascas do Atlántico provocando que se tratase dun mes **moi húmido**. Xa nas xornadas do 12 ou do 19, en cada un dos días se acadaron e mesmo se superaron os valores normais de precipitación para esta época do ano.

Setembro acadou **valores** de precipitación **normais**. Aínda que a primeira metade do mes foi anticiclónica e moi estable, na segunda metade, Galicia estivo baixo a influencia das baixas presións, pero non todas deixaron chuvias xeneralizadas. A xornada máis destacable do mes foi a do 17, na que se rexistraron grandes cantidades de precipitación irregularmente distribuídas no territorio galego, se ben foron quen de contribuír a acadar os valores normais de precipitación para esta época do ano.

O mes de **outubro** cualifícase tamén como **normal**, debido ás borrascas intermitentes pero moi activas que afectaron á Comunidade. Houbo tres grandes borrascas que deixaron neste mes avisos en terra e no mar, por fortes ventos, chuvias intensas e ondas de máis de 8 metros no mar. Estas borrascas foron nomeadas: *Alex e Bárbara*. A estas dúas hai que engadir a que se formou cos restos do furacán *Épsilon*.

Novembro cun predominio das situacións anticiclónicas, presentou **valores normais** de precipitación tan só no suroeste de Galicia debido a influencia das borrascas do Atlántico, pero a escaseza de xornadas con chuvias xeneralizadas fixo que este mes de novembro se cualificase como seco.



O ano rematou cun mes de **decembro moi húmido** no que predominaron as baixas presións, ademais se sucederon unha serie de borrascas importantes que deixaron cantidades moi elevadas de precipitación. Tanto é así, que en moitas rexións se acadaron valores de precipitación que mesmo superaron o dobre dos valores normais para esta época do ano. Algunhas destas borrascas deixaron precipitacións en forma de neve.

Na Táboa 4 preséntanse a categoría asignada a cada mes tendo en conta a precipitación acumulada e segundo os criterios da Táboa 3.

Resumo mensual anomalías de precipitación no ano 2020	
Mes	Precipitación
xaneiro	normal
febreiro	seco
marzo	húmido
abril	húmido
maio	moi seco
xuño	normal
xullo	extremadamente seco
agosto	moi húmido
setembro	normal
outubro	normal
novembro	seco
decembro	moi húmido

Táboa 4: Descrición da precipitación con respecto ao período de referencia 1981-2010.



4 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2020 EN GALICIA

A continuación, na táboa 5, móstranse a media das temperaturas máximas máis altas rexistradas na rede de estacións de Meteogalicia no ano 2020 con valores por riba dos 30°C. As temperaturas máximas medias foron elevadas principalmente no mes de xullo, aínda que nalgunhas das estacións que están nesta táboa, tamén se superou este limiar no mes de agosto. Isto debeuse a que o mes de xullo foi extremadamente cálido, mentres que xuño foi frío e agosto acadou temperaturas normais para a época do ano.

Temperaturas máximas medias por riba de 30 °C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	mes
EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	35.8	xullo
Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	35.6	xullo
Ourense	OURENSE	Ourense	34.7	xullo
Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	34.7	xullo
A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	34.7	xullo
Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	34.6	xullo
Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	34.2	xullo
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	34.0	xullo
San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	33.5	xullo
Verín-Vilamaior	VERÍN	Ourense	33.5	xullo
Laza	LAZA	Ourense	33.3	xullo
Cequeliños	ARBO	Pontevedra	33.2	xullo
A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	33.0	xullo
Xabrega	SOBER	Lugo	32.8	xullo
As Petrelas	RUBIÁ	Ourense	32.6	xullo
Entenza	SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra	32.6	xullo
Larouco	LAROUCO	Ourense	32.4	xullo
O Viso	REDONDELA	Pontevedra	32.3	xullo
Gargamala	MONDARIZ	Pontevedra	31.9	xullo
Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	31.9	xullo
Gandarela	CELANOVA	Ourense	31.7	xullo
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	31.5	xullo
Bóveda	BÓVEDA	Lugo	31.5	xullo
A Trabe	VILARDEVÓS	Ourense	31.2	xullo
Atios	PORRIÑO (O)	Pontevedra	31.2	xullo
Ríós	RÍÓS	Ourense	31.2	xullo



Temperaturas máximas medias por riba de 30 °C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	mes
Ponte Boga	CASTRO CALDELAS	Ourense	31.1	xullo
Conchada	QUIROGA	Lugo	31.1	xullo
Areas	TUI	Pontevedra	31.0	xullo
Míllara	PANTÓN	Lugo	30.8	xullo
Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	30.7	xullo
Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	30.7	xullo
Pazo de Fontefiz	COLES	Ourense	30.7	xullo
Amiudal	AVIÓN	Ourense	30.7	xullo
Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	30.7	xullo
Monte Medo	BAÑOS DE MOLGAS	Ourense	30.5	xullo
Soutomaior	SOUTOMAIOR	Pontevedra	30.5	xullo
Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	30.4	xullo
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	30.3	xullo
Morelle	SARRIA	Lugo	30.2	xullo
Baltar	BALTAR	Ourense	30.0	xullo

Táboa 5: Temperaturas máximas medias máis altas ano 2020.

Na táboa 6, móstranse as estacións da rede de Meteogalicia ca media das máximas máis baixas, considerando aquelas nas que os valores foron inferiores aos 10°C. O mes de decembro, foi o que presentou as temperaturas máximas medias máis baixas, aínda que no mes de xaneiro tamén, houbo localidades nas que se acadou este limiar e outras nas que xaneiro foi máis frío que en decembro, aínda que en contadas ocasións como se pode observar na táboa. Como era de esperar, estes valores máis baixos acadáronse principalmente nas provincias do interior.

Temperaturas máximas medias por debaixo de 10°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	2.4	decembro
Xares	VEIGA (A)	Ourense	2.4	decembro
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	3.3	decembro
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	3.9	decembro
Ancares	CERVANTES	Lugo	4.4	decembro
O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	4.4	decembro
Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	5.0	decembro



Temperaturas máximas medias por debaixo de 10°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	5.7	decembro
Corzos	VEIGA (A)	Ourense	5.9	decembro
O Xistral	MURAS	Lugo	6.2	decembro
Fontaneira	BALEIRA	Lugo	6.3	decembro
Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	6.3	decembro
Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	6.5	decembro
A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	6.5	decembro
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	6.6	decembro
San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	6.6	decembro
Alto do Faro	CHANTADA	Lugo	6.6	decembro
Xurés	MUÍÑOS	Ourense	6.9	decembro
Corno do Boi	FRIOL	Lugo	7.6	decembro
Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	7.6	decembro
Serra Vacaloura	PORTOMARÍN	Lugo	7.7	decembro
Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	7.7	decembro
Riós	RIÓS	Ourense	7.8	decembro
Abradelo	SAMOS	Lugo	8.0	decembro
O Xipro	FONSAGRADA (A)	Lugo	8.0	decembro
Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	8.1	decembro
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	8.2	decembro
Labrada	ABADÍN	Lugo	8.2	decembro
Guitiriz-Mirador	VILALBA	Lugo	8.2	decembro
A Trabe	VILARDEVÓS	Ourense	8.3	xaneiro
Marco da Curra	MONFERO	A Coruña	8.5	decembro
Pol	POL	Lugo	8.5	decembro
Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	8.6	decembro
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	8.7	decembro
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	8.7	decembro
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	8.9	decembro
Muralla	LOUSAME	A Coruña	8.9	decembro
Conchada	QUIROGA	Lugo	8.9	decembro
Olveda	ANTAS DE ULLA	Lugo	8.9	decembro
Fragavella	ABADÍN	Lugo	9.0	decembro
San Nomedio	NEVES (AS)	Pontevedra	9.0	decembro
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	9.1	decembro



Temperaturas máximas medias por debaixo de 10°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	9.2	decembro
Marroxo	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	9.2	decembro
Baltar	BALTAR	Ourense	9.28	decembro
Lalín	LALÍN	Pontevedra	9.35	decembro
Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	9.37	decembro
Fragaveilla	ABADÍN	Lugo	9.49	xaneiro
Laza	LAZA	Ourense	9.57	decembro
As Petarelas	RUBIÁ	Ourense	9.66	decembro
Monte Medo	BAÑOS DE MOLGAS	Ourense	9.68	decembro
Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	9.79	decembro
Lanzós	VILALBA	Lugo	9.85	decembro
Amiudal	AVIÓN	Ourense	9.88	decembro
Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	9.89	decembro
Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	9.91	xaneiro
Verín-Vilamaior	VERÍN	Ourense	9.93	decembro

Táboa 6: Temperaturas máximas medias máis baixas no ano 2020.

Nas táboas 7 e 8 indícanse as medias das temperaturas mínimas con valores por debaixo de 1°C e que tiveron valores por encima dos 16°C respectivamente, rexistradas na rede de estacións xestionadas por Meteogalicia. Nesta ocasión, o limiar de ≤ 1 °C, para as temperaturas mínimas medias máis baixas déronse en moi poucas localidades, e principalmente nos meses de decembro e xaneiro, e nas zonas máis elevadas das provincias de Ourense e Lugo. A isto contribuíu, tal e como se mostrou na táboa 2, que as temperaturas mínimas medias nunca se cualificaron como frías neste ano 2020.

Temperaturas mínimas medias por debaixo de 1 °C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-2.3	decembro
Xares	VEIGA (A)	Ourense	-2.3	decembro
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-1.4	decembro
Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-1.1	xaneiro
Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-0.6	xaneiro
Baltar	BALTAR	Ourense	-0.3	xaneiro



Temperaturas mínimas medias por debaixo de 1 °C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-0.3	decembro
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-0.1	decembro
Ancares	CERVANTES	Lugo	0.0	decembro
Corzos	VEIGA (A)	Ourense	0.1	decembro
Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	0.5	decembro
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	0.8	xaneiro
Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	0.8	xaneiro
A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	0.8	decembro

Táboa 7: Temperaturas mínimas medias máis baixas no ano 2020.

Considerando o limiar dos 16°C, aquelas estacións situadas no litoral, onde o mar exerce un gran poder suavizante sobre as temperaturas, son as que acadaron os valores máis elevados de temperatura mínima media, principalmente nos meses de xullo e ocasionalmente no mes de agosto que normalmente é o máis caloroso do ano. Este ano notouse especialmente novamente que xullo resultou un mes extremadamente cálido, superando así aos valores normais que se acadaron en agosto. As zonas de interior que acadaron valores elevados nas temperaturas mínimas medias, correspóndense á provincia de Ourense.

Temperaturas mínimas medias por enriba dos 16 °C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Porto de Vigo	VIGO	Pontevedra	18.2	xullo
San Nomedio	NEVES (AS)	Pontevedra	17.7	xullo
Cangas-Porto	CANGAS	Pontevedra	17.6	xullo
Vigo	VIGO	Pontevedra	17.5	xullo
Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	17.4	xullo
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	17.2	xullo
Corón	VILANOVA DE AROUSA	Pontevedra	17.1	xullo
Areas	TUI	Pontevedra	17.1	xullo
Cariño	CARIÑO	A Coruña	17.1	agosto
Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	17.1	xullo
Sanxenxo	SANXENXO	Pontevedra	17.0	xullo
Coruña-Torre de Hércules	CORUÑA (A)	A Coruña	17.0	agosto
Vigo-Campus	VIGO	Pontevedra	16.9	xullo



Temperaturas mínimas medias por enriba dos 16 °C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Baiona	BAIONA	Pontevedra	16.8	xullo
Coruña-Dique	CORUÑA (A)	A Coruña	16.8	agosto
Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	16.7	agosto
Cequeliños	ARBO	Pontevedra	16.7	xullo
Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	16.7	xullo
Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	16.6	xullo
Entenza	SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra	16.6	xullo
Torrequintáns	MEIS	Pontevedra	16.6	xullo
Camariñas	CAMARIÑAS	A Coruña	16.6	agosto
Sálvora-Pazo	RIBEIRA	A Coruña	16.5	agosto
Cespón	BOIRO	A Coruña	16.5	xullo
Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	16.5	xullo
Lourizán	PONTEVEDRA	Pontevedra	16.4	xullo
Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	16.4	agosto
CIS Ferrol	FERROL	A Coruña	16.4	xullo
A Lanzada	GROVE (O)	Pontevedra	16.4	xullo
Corrubedo	RIBEIRA	A Coruña	16.4	xullo
Soutomaior	SOUTOMAIOR	Pontevedra	16.4	xullo
Lira	CARNOTA	A Coruña	16.3	xullo
As Eiras	ROSAL (O)	Pontevedra	16.3	xullo
Pé Redondo	MEIS	Pontevedra	16.3	xullo
Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	16.3	xullo
Tremoedo	VILANOVA DE AROUSA	Pontevedra	16.2	xullo
Ons	BUEU	Pontevedra	16.2	xullo
A Trabe	VILARDEVÓS	Ourense	16.2	xullo
Gargamala	MONDARIZ	Pontevedra	16.2	xullo
Ourense	OURENSE	Ourense	16.1	xullo
Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	16.1	agosto

Táboa 8: Temperaturas mínimas medias máis altas no ano 2020.



Nas táboas 9 e 10 indícanse as temperaturas máximas absolutas máis altas e mínimas absolutas máis baixas rexistradas na rede de estacións de MeteoGalicia. Houbo dous episodios que deixaron sobre Galicia temperaturas máximas extremas, a xornada do día 6 de agosto, sen dúbida a máis calorosa, e o período comprendido entre o 17 e o 18 de xullo. En ambos casos as temperaturas mesmo acadaron valores que superaron os 40 °C ou estiveron moi preto de conseguilo, destacan zonas do interior, nas provincias de Ourense e Lugo, pero tamén, destacaron algunhas localidades da provincia de Pontevedra.

Temperaturas máximas absolutas				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Data
EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	41.2	06/08/2020
O Viso	REDONDELA	Pontevedra	41.0	17/07/2020
San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	40.8	06/08/2020
Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	40.8	18/07/2020
Ourense	OURENSE	Ourense	40.7	06/08/2020
A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	40.5	06/08/2020
Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	40.1	18/07/2020
Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	39.9	06/08/2020
Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	39.7	17/07/2020
Bóveda	BÓVEDA	Lugo	39.6	06/08/2020
Entenza	SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra	39.5	17/07/2020
Morelle	SARRIA	Lugo	39.4	06/08/2020
Xabrega	SOBER	Lugo	39.4	06/08/2020
Míllara	PANTÓN	Lugo	39.1	06/08/2020
Cequeliños	ARBO	Pontevedra	38.9	17/07/2020
Campus Lugo	LUGO	Lugo	38.9	06/08/2020
Laza	LAZA	Ourense	38.9	06/08/2020
Larouco	LAROUCO	Ourense	38.7	30/07/2020
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	38.5	06/08/2020
Portomarín	PORTOMARÍN	Lugo	38.5	06/08/2020

Táboa 9: Temperaturas máximas absolutas no ano 2020.



En canto ás mínimas absolutas, na táboa 10 pódense ver os valores máis baixos rexistrados ao longo de 2020. A xornadas do 30 e 31 de marzo, e a xornada do días 26 de decembro, destacan como as máis frías do ano, se ben nalgúnhas xornadas de xaneiro tamén se rexistraron valores moi baixos de temperaturas. Aínda así, foron moi poucos os casos que baixaron do -7 °C. Como cabía esperar as zonas máis altas da Comunidade rexistraron os valores máis baixos de temperatura, con excepción de Calvos de Randín, que aínda que estea por debaixo dos 1000 m, presenta unha climatoloxía de oscilación térmica moi acusada no día ao longo de todo o ano.

Temperaturas mínimas absolutas				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Data
Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-9.7	01/01/2020
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-8.4	30/03/2020
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-7.0	31/03/2020
Baltar	BALTAR	Ourense	-6.8	21/01/2020
Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-6.6	12/01/2020
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-6.3	26/12/2020
O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-6.3	26/12/2020
Xares	VEIGA (A)	Ourense	-6.2	05/12/2020
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-6.0	31/03/2020
Bóveda	BÓVEDA	Lugo	-5.9	02/01/2020
Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-5.9	26/12/2020
Ancares	CERVANTES	Lugo	-5.6	31/03/2020
Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-5.6	26/12/2020
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-5.5	26/12/2020
Morelle	SARRIA	Lugo	-5.4	26/12/2020
A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-5.4	26/12/2020
Riós	RIÓS	Ourense	-5.2	07/01/2020
Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-4.7	30/03/2020
Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-4.6	26/12/2020

Táboa 10: Temperaturas mínimas máis baixas no ano 2020.



Na táboa 11 móstrase a temperatura media do 2020 con respecto aos tres períodos de referencia: 1961-1990, 1971-2000 e 1981-2010.

Temperatura media anual (°C)			
2020	1961-1990	1971-2000	1981-2010
14.6	13.4	13.4	13.6

Táboa 11: Comparación entre a temperatura media anual e a media climática galega.

A temperatura media do ano 2020 foi 1.2 °C superior ao valor medio 1961-1990 e ao valor medio do período 1971-2000. Con respecto ao último período de referencia foi de 1 °C superior ao valor medio do mesmo.



4.1. Temperatura.

Na figura 13 móstrase o mapa de temperatura media para o ano 2020. Como se pode apreciar, os valores máis baixos de temperatura acadáronse na alta montaña ourensá. Así, no macizo de Manzaneda e na zona de Pena Trevinca a temperatura acadou valores medios que superaron lixeiramente os 6 °C. As temperaturas máis altas déronse en xeral, nas comarcas litorais do sur da provincia de Pontevedra, e no Miño ourensá, con valores próximos ou superiores aos 17 °C. Pero a zona que máis destaca é a comarca da Coruña, coas temperaturas máis elevadas acadadas no mapa.




Figura 13: Temperatura media ano 2020.



Na figura 14, móstrase o mapa de anomalías de temperatura con respecto ao período 1981-2010. A anomalía media 2020 respecto á media climática segundo o mapa foi de +1.2 °C. As zonas máis cálidas que destacan no mapa, correspóndense ao interior da provincia de Lugo e na zona do Golfo Ártabro, con valores que superaron os + 2 °C. Os valores máis baixos, déronse na costa da morte e parte da comarca de Santiago con valores de temperatura normais para o ano.




Figura 14: Mapa de anomalías de temperatura no ano 2020 con respecto ao período 1981-2010.



4.2. Precipitación.

Na táboa 12 móstranse os valores máximos de precipitación acumulada rexistrados no ano 2020. A estación que máis chuvia rexistrou foi a de Muralla, que superou de forma considerable ás outras localidades que normalmente soen ser as máis chuviosas.

Precipitación máxima anual no 2020			
Estación	concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	3541
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	2951
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	2853
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	2712
Cespón	BOIRO	A Coruña	2676
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	2637
Costa	ROIS	A Coruña	2562
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	2553
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	2446
Labrada	ABADÍN	Lugo	2434

Táboa 12: Valores máximos de precipitación acumulada no ano 2020.

Na táboa 13 móstranse os valores mínimos de precipitación acumulada rexistrados no 2020. Na comarca de Valdeorras e nas mesetas e fosas da provincia de Ourense rexistráronse os valores máis baixos de precipitación anual, o concello de Monforte entra dentro destas localidades con menor precipitación.

Precipitación mínima anual no 2020			
Estación	concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	621
Larouco	LAROUCO	Ourense	635
Ponte Boga	CASTRO CALDELAS	Ourense	640
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	654
Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	668
Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	676
Marroxo	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	679
Ourense	OURENSE	Ourense	708
Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	717
Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	722

Táboa 13: Valores mínimos de precipitación acumulada no ano 2020.



Na táboa 14 preséntanse os valores máis altos de precipitación diaria. Destacan varias xornadas do mes de xaneiro, pero tamén o 12 de agosto do ano, no que se rexistraron importantes valores de precipitación, superando en moitas localidades os 80 L/m².

Precipitación máxima diaria no 2020				
Estación	Provincia	Concello	PP (L/m ²)	Data
Cespón	A Coruña	BOIRO	133	29/01/2020
Lesende	A Coruña	LOUSAME	126	16/01/2020
Paramos	A Coruña	VAL DO DUBRA	116	16/01/2020
Labrada	Lugo	ABADÍN	114	12/08/2020
Coto Muiño	A Coruña	ZAS	112	16/01/2020
Muralla	A Coruña	LOUSAME	111	29/01/2020
Fontecada	A Coruña	SANTA COMBA	110	24/10/2020
Costa	A Coruña	ROIS	98	29/01/2020
Xesteiras	Pontevedra	CUNTIS	98	29/01/2020
Guísamo	A Coruña	BERGONDO	96	12/08/2020
O Val	A Coruña	NARÓN	95	12/08/2020
Lanzós	Lugo	VILALBA	91	12/08/2020
Sálvora-Pazo	A Coruña	RIBEIRA	91	16/01/2020
Forcarei	Pontevedra	FORCAREI	89	29/01/2020
Ordes	A Coruña	ORDES	86	16/01/2020
Fornelos de Montes	Pontevedra	FORNELOS DE MONTES	85	25/10/2020
Lira	A Coruña	CARNOTA	83	16/01/2020
A Lanzada	Pontevedra	GROVE (O)	82	16/01/2020
Santiago-EOAS	A Coruña	SANTIAGO DE COMPOSTELA	81	16/01/2020
Río do Sol	A Coruña	CORISTANCO	81	16/01/2020
Marco da Curra	A Coruña	MONFERO	81	12/08/2020
Ancares	Lugo	CERVANTES	81	10/12/2020
Rebordelo	Pontevedra	COTOBADE	80	29/01/2020
Aldea Nova	A Coruña	NARÓN	80	12/08/2020

Táboa 14: Precipitación máxima diaria no ano 2020

Na táboa 15 pode verse o acumulado medio obtido das estacións que compoñen a serie rexional e os valores medios do período 1961-1990, 1971-2000 e do período 1981-2010.

Precipitación acumulada anual (L/m ²)			
2020	1961-1990	1971-2000	1981-2010
1237	1337	1329	1299

Táboa 15: Comparación entre a precipitación acumulada no ano 2020 e os valores climáticos.



Como se pode ver na figura 15, os rexistros máis elevados de chuvia correspóndense ao oeste da Comunidade e a Serra do Xistral, onde se superaron nalgúns casos os 3500 L/m². As zonas de menor precipitación foron principalmente a Comarca de Valdeorras, pero tamén destaca no mapa a comarca de Monforte con valores que apenas chegaron aos 600 L/m². A precipitación anual segundo os valores do mapa foi de 1449 L/m².




Figura 15: Mapa de precipitación acumulada no ano 2020.



Na figura 16 pódese ver a porcentaxe de precipitación rexistrada con respecto á media climática, sempre con período de referencia 1981-2010. Segundo os valores do mapa a porcentaxe de precipitación con respecto ao valor normal do período de referencia 1981-2010 é un 6% inferior ao agardado. Os valores máis baixos rexistráronse na comarca de Terra de Trives, con ata un 56% por debaixo do normal. As porcentaxes máis altas rexistráronse principalmente nas comarcas dos Ancares, Terra Chá e Terra de Xallas e A Barcala con porcentaxes por riba do 48% do normal.




Figura 16: Porcentaxe de precipitación acumulada con respecto á media climática no ano 2020.



5 Evolución histórica da temperatura e precipitación.

Na seguinte figura obsérvase que no ano 2020 a temperatura media (14.6 °C) estivo moi por enriba do valor climático agardado. Considérase unha temperatura moi cálida, cunha anomalía positiva de +0.97 °C, sendo a segunda máis alta da serie histórica cun valor moi similar a do ano 1997. A temperatura máxima media foi tamén moi cálida, cunha anomalía positiva de +0.9 °C, mentres que a temperatura mínima foi extremadamente cálida, cunha anomalía positiva de +1.1 °C.




Figura 17: Evolución da temperatura media anual ó longo do período 1961-2020.




Figura 18: Evolución da anomalía da temperatura media anual, respecto ó período 1981-2010.



5.1. Evolución da temperatura media por mes

Na figura 19 móstrase a temperatura por mes. Compáranse os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 co valor climático do período 1981-2010. Oito dos doce meses presentaron temperaturas medias mensuais por riba do valor climático e os 4 restante por debaixo pero con valores moi próximos aos normais. Houbo 5 meses con valores moi por encimas dos normais, sendo moi cálidos ou nalgúns casos extremadamente cálidos, mentres que xuño foi o mes que máis frío con respecto á media climática.




Figura 19: Temperatura media mensual dos anos 2016 a 2020 e a media 1981-2010.



5.2. Precipitación

A precipitación media rexistrada para a serie rexional foi 1237 L/m² e cos criterios da táboa 3, este ano 2020 foi lixeiramente seco. A desviación respecto ao valor medio da serie no período 1981-2010 é dun 5 % inferior ao normal, co precedente máis seco no ano 2017.




Figura 20: Evolución da precipitación anual ó longo do período 1961-2020.




Figura 21: Evolución da anomalía de precipitación anual, respecto ó período 1981-2010.



5.3. Evolución da precipitación por mes e diagrama de Termohietas

Na figura 22 móstrase a chuvia rexistrada por mes. Compárase os anos 2016 ao 2020 co valor climático do período 1981-2010. En 2020, destaca especialmente o elevado valor de precipitación media en Galicia rexistrado durante o mes de decembro. Na figura 23 pódese ver o diagrama de termohietas. Maioritariamente os meses deste ano tiveron un comportamento bastante aloxado dos valores climáticos normais, destacando especialmente os meses de febreiro, xullo e decembro. Os meses que se aproximaron máis á normalidade foron xuño e outubro.




Figura 10: Chuvia mensual dos anos 2015 a 2020 e a media 1981-2010.




Figura 23: Diagrama de termohietas.



5.4. Índice de Precipitación Estandariza (SPI – siglas en inglés)

O SPI representa o número de desviacións típicas que un valor concreto de precipitación se separa da media da serie en un determinado intervalo temporal. Este índice permite fixar o comezo e fin dun episodio de seca, así coma a súa intensidade.

Na táboa 16 móstranse as diferentes clases e valores do SPI:

SPI	Clase	Probabilidade Acumulada
$SPI \geq 2.00$	Extremadamente húmido	0.977 - 1.00
$1.50 \leq SPI < 2.00$	Moi húmido	0.933 - 0.977
$1.00 \leq SPI < 1.50$	Moderadamente húmido	0.841 - 0.933
$-1.00 \leq SPI < 1.00$	Normal	0.159 - 0.841
$-1.50 \leq SPI < -1.00$	Moderadamente seco	0.067 - 0.159
$-2.00 \leq SPI < -1.50$	Moi seco	0.023 - 0.067
$SPI < -2.00$	Extremadamente seco	0.000 - 0.023

Táboa 16: Valores do SPI.

Para o cálculo do SPI, considerouse un conxunto de 16 estacións con valores mensuais entre 1961 e 2020.

Os índices SPI-12 e SPI-24, reflicten os patróns de precipitación a longo prazo. Así no índice SPI-12 compárase a precipitación dos últimos doce meses consecutivos, ca rexistrada nos mesmos 12 meses consecutivos de todos os anos precedentes dos que se teñen datos. Do mesmo xeito, o SPI-24, compara os últimos 24 meses consecutivos, con todos os mesmos 24 meses de todos os anos precedentes dos que se teñen datos. No noso caso, dende o ano 1975.

Estes índices de precipitación estandarizada que como xa se dixo, reflicten patróns de precipitación a longo prazo, tenden a situarse en torno a cero, a menos que se estea a producir unha tendencia húmida ou seca característica, que afecta a cauces fluviais e niveis dos reservorios de auga.

Durante todo o ano 2020 o SPI-24 estivo por debaixo de 0, o meses de xuño, xullo e novembro, e o resto dos meses por riba de cero, pero sempre dentro do limiar de valores normais.

No caso do SPI-12 os valores sempre foron positivos con excepción dos dous últimos meses do ano, pero sempre tamén dentro dos limiares de valores normais.



No caso do índice SPI-6 (o cal ten en conta a chuvia acumulada en intervalos de 6 meses), vése que tan só o mes de xaneiro acadou a cualificación de moderadamente húmido, e tivo valores positivos hasta o mes de maio en que tornou a valores negativos. Pero exceptuando este mes de xaneiro, o resto dos meses estiveron dentro dos limiares que se consideran normais. Na táboa 17 móstranse os valores de chuvia do SPI-6, SPI-12 e SPI-24 para os anos comprendidos no período 2015 ao 2020.

2015												
Ano												
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	164	122	48	90	68	12	16	61	81	169	54	98
SPI-6	0.04	-0.06	-0.40	-0.44	-1.07	-1.01	-1.45	-1.50	-0.68	-0.26	-0.81	-0.79
SPI-12	0.26	-0.29	-0.46	-0.47	-0.45	-0.58	-0.68	-0.62	-0.71	-0.60	-1.47	-1.57
SPI-24	0.81	0.77	0.23	0.19	0.16	0.08	0.07	0.20	0.22	0.01	-0.16	-0.45
2016												
Ano												
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	345	274	179	162	142	51	3	17	71	61	142	38
SPI-6	0.25	0.56	0.70	0.82	1.36	1.95	1.49	0.94	0.44	-0.86	-1.23	-1.85
SPI-12	-0.64	0.01	0.41	0.65	0.87	0.97	0.91	0.80	0.81	0.48	0.77	0.65
SPI-24	-0.28	-0.27	-0.08	0.11	0.31	0.30	0.19	0.14	0.08	-0.13	-0.45	-0.57
2017												
Ano												
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	59	183	120	18	119	41	16	25	22	35	84	229
SPI-6	-2.00	-1.31	-1.20	-1.24	-1.16	-0.79	-0.35	-1.00	-1.66	-1.79	-2.45	-1.22
SPI-12	-0.49	-0.76	-0.92	-1.57	-1.67	-1.68	-1.58	-1.58	-1.88	-2.01	-2.35	-1.72
SPI-24	-0.82	-0.59	-0.40	-0.62	-0.47	-0.39	-0.39	-0.49	-0.69	-1.08	-0.97	-0.66
2018												
Ano												
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	157	137	343	150	42	101	40	14	20	110	263	127
SPI-6	-0.96	-0.78	0.28	0.79	0.92	1.10	1.50	1.91	-0.28	-1.05	0.32	-0.22
SPI-12	-1.13	-1.16	-0.28	0.15	-0.11	0.09	0.17	0.13	0.12	0.38	0.96	0.72
SPI-24	-1.15	-1.43	-0.96	-1.05	-1.33	-1.16	-1.05	-1.08	-1.32	-1.17	-0.8	-0.6
2019												
Ano												
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	144	52	85	189	37	58	22	39	55	183	346	288
SPI-6	-0.34	-0.56	-0.45	0	-0.68	-0.64	-0.73	-0.1	0.01	-0.4	1.23	1.45
SPI-12	0.64	0.31	-0.56	-0.45	-0.47	-0.61	-0.66	-0.58	-0.5	-0.22	0.06	0.68
SPI-24	-0.3	-0.61	-0.69	-0.28	-0.49	-0.44	-0.42	-0.39	-0.35	0.06	0.73	0.96
2020												
Ano												
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	156	63	133	127	47	42	2	77	54	171	106	301
SPI-6	1.22	0.79	0.85	0.82	0.07	-0.62	-0.94	-0.12	-0.47	-0.39	-0.37	0.47
SPI-12	0.69	0.67	0.76	0.61	0.64	0.58	0.52	0.63	0.67	0.64	-0.19	-0.2
SPI-24	0.89	0.65	0.15	0.09	0.11	-0.04	-0.14	0.02	0.11	0.27	-0.16	0.32

Táboa 17: Valores de chuvia, SPI-6, SPI-12 e SPI-24 dos últimos 5 anos.



Nas figuras 24 á 26 pode verse a evolución dos índices SPI-6, SPI-12 e SPI-24 dende 1961.




Figura 24: Evolución do índice SPI-6 dende 1961.




Figura 25: Evolución do índice SPI-12 dende 1961.




Figura 26: Evolución do índice SPI-24 dende 1961.



6 EPISODIOS DESTACABLES EN CADA UN DOS MESES DE 2020

Neste apartado presentaranse para cada un dos meses, situacións que afectaron a Galicia dun xeito especial, dando lugar a avisos para distintos meteoros, chuva, vento, temperaturas extremas. Así, describiranse as principais borrascas que afectaron á Comunidade e que tiveron especial relevancia pola súa virulencia, así como episodios nos que os valores acadados nas distintas variables meteorolóxicas foron quen de ser destacados no acaecido neste ano 2020.

6.1. Xaneiro

6.1.1. Borrasca *Gloria*

Na xornada do día 18, empezou a formarse unha borrasca que deixou precipitacións en Galicia. O problema foi cando esta borrasca se situou nas xornadas do 20 e o 21 no Mediterráneo occidental dando lugar a un corredor de isóbaras que deixou bentos fortes de nordés e temperaturas baixas en toda a Comunidade.




Figura 27: Situación meteorolóxica do campo de presión en superficie correspondente ó 20 de xaneiro de 2020 ás 01:00 h (hora local) segundo a análise do modelo meteorolóxico americano GFS (*General Forecasting System*).



Refachos máximos de vento durante as xornadas do 20 e 21 de xaneiro de 2020				
Estación	Concello	Provincia	Refacho máximo (km/h)	Instante de lectura (horario UTC)
Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	113.8	20/01/2020 20:00
Muralla	LOUSAME	A Coruña	113.7	20/01/2020 17:00
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	105.4	20/01/2020 16:50
Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	101.3	20/01/2020 16:20
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	101.1	21/01/2020 22:00
Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	99.5	20/01/2020 11:40
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	98.9	20/01/2020 13:50
Serra Vacaloura	PORTOMARÍN	Lugo	97.0	20/01/2020 14:00
Camariñas	CAMARIÑAS	A Coruña	95.3	20/01/2020 17:30
Sálvora-Pazo	RIBEIRA	A Coruña	94.9	20/01/2020 14:50
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	94.7	20/01/2020 17:30
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	94.0	20/01/2020 14:20
Santiago-EOAS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A Coruña	90.9	20/01/2020 11:00
Fontaneira	BALEIRA	Lugo	90.7	20/01/2020 3:10
Coruña-Dique	CORUÑA (A)	A Coruña	90.1	20/01/2020 12:30
Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	90.1	20/01/2020 17:40
Cariño	CARIÑO	A Coruña	89.9	20/01/2020 8:50
Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	89.0	20/01/2020 13:40
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	87.6	21/01/2020 23:00
San Nomedio	NEVES (AS)	Pontevedra	87.4	20/01/2020 14:50
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	86.4	20/01/2020 15:30
CIS Ferrol	FERROL	A Coruña	86.3	20/01/2020 17:20
Ons	BUEU	Pontevedra	85.7	21/01/2020 18:40
A Lanzada	GROVE (O)	Pontevedra	84.6	20/01/2020 14:10
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	83.9	20/01/2020 13:20
A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	83.2	22/01/2020 0:00
Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	82.9	20/01/2020 13:50
O Xipro	FONSAGRADA (A)	Lugo	82.8	21/01/2020 23:10
Marco da Curra	MONFERO	A Coruña	82.4	20/01/2020 12:00
Corón	VILANOVA DE AROUSA	Pontevedra	81.5	20/01/2020 14:30

Táboa 18: Refachos máximos (km/h) maiores de 80 km/h rexistrados nas xornadas do 20 e 21 de xaneiro de 2020. Borrasca *Gloria*.



Temperaturas mínimas rexistradas durante as xornadas do 20 e 21 de xaneiro de 2020				
Estación	Concello	Provincia	Tmin (°C)	Instante de lectura (horario UTC)
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-7.5	20/01/2020 6:30
Baltar	BALTAR	Ourense	-6.8	21/01/2020 4:20
Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-6.4	21/01/2020 7:10
Xares	VEIGA (A)	Ourense	-6.1	20/01/2020 7:50
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-5.9	20/01/2020 7:20
O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-5.6	20/01/2020 20:00
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-5.2	21/01/2020 2:20
Ancares	CERVANTES	Lugo	-4.4	20/01/2020 19:50
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-4.3	21/01/2020 7:50
Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-4.0	21/01/2020 8:00
Morelle	SARRIA	Lugo	-3.7	21/01/2020 6:00
Xurés	MUIÑOS	Ourense	-3.5	20/01/2020 7:40
Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	-3.3	21/01/2020 8:30
Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-3.3	20/01/2020 6:10
EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	-3.2	21/01/2020 7:40
Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	-2.9	20/01/2020 7:00
San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	-2.9	21/01/2020 6:50
Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-2.7	20/01/2020 5:40
Larouco	LAROUCO	Ourense	-2.5	21/01/2020 8:00
Monte Medo	BAÑOS DE MOLGAS	Ourense	-2.5	20/01/2020 8:00
Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	-2.3	21/01/2020 8:10
San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	-2.2	20/01/2020 7:50
A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	-2.2	21/01/2020 7:40
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	-2.1	21/01/2020 4:50
Ponte Boga	CASTRO CALDELAS	Ourense	-1.9	21/01/2020 6:40
Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-1.9	20/01/2020 6:10
Xabrega	SOBER	Lugo	-1.5	21/01/2020 7:50
Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	-1.3	20/01/2020 22:00
Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	-1.2	21/01/2020 8:20
Conchada	QUIROGA	Lugo	-1.2	20/01/2020 6:40
Ourense	OURENSE	Ourense	-1.2	21/01/2020 8:00
Verín-Vilamaior	VERÍN	Ourense	-1.2	21/01/2020 7:30

Táboa 19: Temperaturas mínimas inferiores a -1 °C nas xornadas do 20 e 21 de xaneiro de 2020. Borrasca Gloria.



6.2. Febreiro

6.2.1. Ciclón extratropical *Ciara*

Na xornada do día 9 de febreiro o ciclón extratropical *Ciara* rozaba Galicia. Esta borrasca moi profunda situada ao oeste de Islandia, presentou isóbaras moi xuntas que se estenden ata o noroeste da Península Ibérica. Esta configuración deu lugar a ventos moi fortes, pero tamén a un temporal marítimo moi importante con mar combinada.

En canto aos ventos, a borrasca afectou principalmente ao norte da Comunidade, onde se rexistraron ventos de suroeste con valores que ocasionalmente superaron os 100 km/h.




Figura 28: Situación meteorolóxica do campo de presión en superficie correspondente ó 9 de febreiro de 2020 ás 01:00 h (hora local) segundo a análise do modelo meteorolóxico americano GFS.



Refachos máximos de vento durante a xornada do 9 de febreiro de 2020				
Estación	Concello	Provincia	Refacho máximo (km/h)	Instante de lectura (horario UTC)
Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	133.9	09/02/2020 13:20
Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	123.8	09/02/2020 9:40
A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	95.0	09/02/2020 22:50
Fragavella	ABADÍN	Lugo	88.7	09/02/2020 21:00
Burela	BURELA	Lugo	87.8	09/02/2020 17:50
Cariño	CARIÑO	A Coruña	86.2	09/02/2020 12:40
Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	84.1	09/02/2020 13:50
Foz	FOZ	Lugo	81.4	09/02/2020 9:40
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	81.1	09/02/2020 10:40
